



D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA, ALCALDE-PRESIDENTE DESTE CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

FAI SABER:

Que no BOP nº 316 do 31/12/2014 se publicou a Orde HAP/2486/2014 do 29 de decembro, pola que se aproba o modelo 143 para a solicitude de abono anticipado das deducións por familia numerosa e persoas con diversidade funcional ao seu cargo do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

Serán beneficiarios destas axudas:

- Familias numerosas que teñan como mínimo tres fillos ou familias monoparentais que teñan ao menos dous fillos menores de 25 anos.
- Familias con fillos dependentes, cunha discapacidade superior ao 33 %.
- Familias con ascendentes dependentes, cunha discapacidade superior ao 33 %.
- Familias de categoría especial, é dicir, as que teñen cinco fillos ou máis ou as que teñen catro fillos, dos que ao menos tres sexan por parto ou adopción múltiple e as que teñen catro fillos e os seus ingresos non cheguen a superar o 75 % do IPREM.

O importe da axuda é de 1.200 euros anuais, aínda que se pode pedir o pagamento adiantado de 100 euros mensuais.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 31 de marzo do 2016.

No caso de que se presente a solicitude con data posterior ao 31 de marzo, as deducións solicitaranse na declaración da renda anual.

As solicitudes poderán presentarse na Axencia Tributaria, previa cita; chamando ao teléfono de atención ao cidadán 901 200 345 ou mediante internet.

Para solicitar información, diríxanse aos Servizos Sociais do Concello de Malpica.

Malpica de Bergantiños, 09 de marzo do 2016

O Alcalde

Asdo.: Eduardo José Parga Veiga